



## MEMORIA ECONÓMICA E DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE FRIOL PARA O PROXECTO SENLLEIRO DE MANTEMENTO E MELLORA DA CUBERTA DO CENTRO SOCIAL DE LAMAS, NA CATEGORÍA "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA."

**Expediente:** CNV24-25

### **PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos**

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica,





da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros

([https://agader.xunta.gal/sites/w\\_pagade/files/documentacion/acordos/2022\\_04\\_28\\_acordo\\_proxectosenslleiros.pdf](https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectosenslleiros.pdf)), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do

Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo)

([https://agader.xunta.gal/sites/w\\_pagade/files/documentacion/acordos/2022\\_11\\_7\\_certificadosenlleiros.pdf](https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf)).

A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.





## **SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .**

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 5 de agosto de 2024 o Concello de Friol presentou unha solicitude de colaboración á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa comarca". Xunto coa solicitude achegou o proxecto técnico que inclúe unha memoria valorada onde se propón o mantemento e mellora deste espazo público por teren un marcado significado histórico, social e cultural para a comarca ao tratarse de elementos que recuperan e manteñen a historia e a memoria da comarca e ser un lugar de encontro, relación e satisfacción da veciñanza. A finalidade que se persegue con este proxecto é a realización na cuberta de obras de conservación e mellora do sistema construtivo que se atopa deteriorado, mediante a substitución de pontóns e táboas de madeira de castaño de formación de cubertas así como de material de cubrición das mesmas, por lousas de xisto, un formato semellante ao orixinal.

- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade e excepcionalidade das actuacións que propón o Concello de Friol reside no mantemento e mellora da cuberta do centro social de Lamas deste espazo público por ter un marcado significado histórico, social e cultural para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características. Todas estas actuacións redundarán na mellora e as condicións de uso e goce do mesmo co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida





social, cultural e educativa da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo Concello de Friol para o mantemento e mellora da cuberta do centro social de Lamas encádrase na categoría promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca xa que se trata de elementos que recuperan e manteñen a historia e a memoria da comarca e ser un lugar de encontro, relación e satisfacción da veciñanza sobre todo destinado a gran xuventude que reside nese concello e que teña un lugar adaptado e con capacidade para realizar actividades culturais e de relacións sociais.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca:

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.

b. (...)

c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

### **TERCEIRO.- Financiación**

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Friol queren formalizar un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires de 01 de xaneiro de 2024.





- PROXECTO: "Mantemento e mellora da cuberta do centro social de Lamas", dentro da categoría de promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".
- ORZAMENTO: vinte e oito mil oitocentos cincuenta e tres euros con dezaseis céntimos (28.853,16 €), para a anualidade 2024.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2024 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

| Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 |      |   |
|--|------|---|
| Proxecto 2017 00003                                  |      |   |
| Eixo   | E3   | Competitividade e crecemento  |
| Prioridade de actuación                              | PA05 | Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.   |
| Obxectivo estratéxico:                               | E06  | Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego. |
| Obxectivo operativo                                  | OI01 | Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)  |

Comprobado no sistema XUMCO, actualmente non existe indicador asociado a este proxecto (o indicador que estaba asociado a este proxecto ( INFAN1- Porcentaxe de gasto de infancia e adolescencia foi retirado).

| Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural". |             | TOTAL       |
|--|-------------|-------------|
| Importe  | 2024        | 28.853,16 € |
|  | 28.853,16 € |             |

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación





da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% rematará o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

- Orzamento xeral

| Orzamento                                     |                     |                    |
|---|---------------------|--------------------|
| Capítulo                                      | Descrición          | Importe            |
| 01  | Demolición          | 5.246,68 €         |
| 02  | Cubertas            | 10.044,02 €        |
| 03  | Remates             | 2.458,70 €         |
| 04  | Xestión de residuos | 1.560,00 €         |
| 05  | Seguridade e saúde  | 1.300,00 €         |
| Orzamento de execución material               |                     | 20.609,40 €        |
| 13% Gastos xenerais + 6% Beneficio Industrial |                     | 3.915,79 €         |
| 21 % IVE                                      |                     | 4.327,97 €         |
| <b>Orzamento total</b>                        |                     | <b>28.853,16 €</b> |

### Descrición das obras e xustificación dos prezos

#### 1.- Capítulo 01- Demolicións

- 90,20 m<sup>2</sup> desmonte de cobertura de pezas de lousa rectangulares, colocada con cravos sobre rastreles a menos de 20 m de altura, en cuberta inclinada a dúas e un augas cunha pendente media do 60%; con medios manuais, e carga manual sobre camión ou contedor.....2.299,20 €
- 85,80 m<sup>2</sup> demolición de partición interior de fábrica revestida, formada por ladrillo oco sinxelo de 4/5 cm de espesor, con medios manuais, sen afectar á estabilidade dos elementos construtivos contiguos, e carga manual sobre camión ou contedor.....1.244,10 €
- 60 m<sup>2</sup> demolición de pavimento exterior de baldosas e/o lousas de xisto de formigón, con martelo pneumático, e carga manual sobre camión ou contedor.....253,20 €
- 40,85 m<sup>2</sup> acondicionamento de terreo.....1.450,18 €

#### 2.- Capítulo 02- Cubertas





- 92,20 m<sup>2</sup> cuberta inclinada, establecido visto de táboas machihembradas de madeira de piñeiro silvestre cravadas directamente sobre armazón estrutural. Tirafondos de aceiro cincado, para fixación sobre soporte de madeira, resolución de puntos singulares e pezas especiais da cobertura.....5.459,49 €
- 1,8816 m<sup>3</sup> substitución de elemento en cuberta con cercha de madeira.....2.916,48 €
- 72,60 m<sup>2</sup> colocación lousa rectangular fixada sobre restreles de madeira de pino.....1.668,05 €

### 3.- Capítulo 03- Remates

- 21,90 m. emboquillado de tellas de bordo lateral con morteiro de cemento, industrial, con aditivo hidrófugo.....766,50 €
- 1 ud. encontro de faldón de tellado con chemineas ou condutos de ventilación, de dimensións 60x60 cm, en cuberta inclinada, impermeabilización con banda autoadhesiva de aluminio, coa superficie en relevo e revestida por unha das súas caras cunha capa adhesiva de butilo de 0,15 mm de espesor, de 30 cm de anchura protexida con perfil de chapa de aceiro galvanizado, fixado ao paramento con parafusos.....137,00 €
- 60 m<sup>2</sup> pavimento continuo de formigón impreso, con xuntas, de 10 cm de espesor, realizado con formigón HM-20/B/20/X0 fabricado en central e vertedura desde camión, estendido e vibrado manual mediante regra vibrante; coloreado e endurecido superficialmente mediante espolvoreo con morteiro decorativo de rodadura para pavimento de formigón, cor branca, rendimento 4,5 kg/m<sup>2</sup>; acabado impreso en relevo previa aplicación de desmoldeante en po, cor burdeos; e capa de selaxe final con resina impermeabilizante. na.....1.555,20 €

### 4.- Capítulo 04- Xestión de residuos

- 1 ud. xestión de residuos..... 1.560,00 €

### 5.- Capítulo 05- Seguridade e saúde

- 1 ud. seguridade e saúde..... 1.300,00 €





Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

P.D. (Acordo do 11.07.2013)

A directora xeral

M<sup>a</sup> Paz Rodríguez Rivera

